



## **Regulamento para a asignación de prazas de catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna na USC, aprobado por acordo do Consello de Goberno do 10 de xullo de 2018**

**(Modificado por acordo do Consello de Goberno do 8 de abril de 2019)**

A modificación do artigo 62.2 da Lei Orgánica de Universidades (LOU) de 2007, a través do Real Decreto-Ley 10/2015, de 11 de setembro, abre a posibilidade de que a promoción ao corpo docente de catedráticos de universidade non consuma taxa, podéndose xestionar como unha OPE de promoción interna.

No citado artigo da LOU sinalase que as universidades poderán convocar prazas de promoción interna que estean dotadas no estado de gastos do seu orzamento para o acceso ao Corpo de Catedráticos de Universidade. O número destas prazas non poderá superar o número máximo de prazas que sexan obxecto de oferta de emprego público de quenda libre, nese mesmo ano, para o acceso aos corpos docentes do artigo 56 desta mesma lei.

Na promoción interna poderán participar funcionarios de carreira do Corpo de Profesores Titulares de Universidade ou da Escala de Investigadores Científicos dos Organismos Públicos de Investigación, que teñan prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos baixo dita condición. Os funcionarios que participen nestes concursos terán que estar acreditados para o Corpo docente de Catedráticos de Universidade.

A Normativa de promoción do profesorado acreditado a catedrática/o de universidade da Universidade de Santiago de Compostela, aprobada por acordo do Consello de Goberno de 12 de xuño de 2017, co obxecto de introducir melloras técnicas orientadas a dotar de prazas de Catedrática/o de Universidade a aquelas áreas de coñecemento de maior precariedade dende o punto de vista estrutural, permitiu a execución das correspondentes ofertas de promoción interna dentro do corpo docente.

Non obstante o anterior, de acordo co disposto no artigo 14.1.b) dos Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela aprobados polo Decreto 14/2014, do 30 de xaneiro, e coa finalidade de impulsar a promoción académica dos membros do persoal docente e investigador acreditados ao corpo de Catedrática/o de Universidade, faise necesario substituír a normativa ata agora vixente, configurando un procedemento de asignación de cátedras a áreas de coñecemento baseado en criterios claros, obxectivos, transparentes e estables. Coa adopción destes novos criterios preténdese garantir, por unha banda, que o profesorado acreditado teña unha oportunidade para promocionar a unha praza de Catedrático e, por outra, ofrecerlle a este persoal unha expectativa razoable acerca do momento en que a Universidade lle vai proporcionar esta oportunidade.

Dado que se trata dunha promoción individual dentro dos corpos docentes universitarios, parece razoable establecer como criterio fundamental o momento no que cada profesor acada o recoñecemento de que reúne as condicións para poder acceder ao corpo de catedrática/o de universidade.



Tendo en conta que o texto foi informado favorablemente pola Mesa de Negociación do PDI do 29 de xuño de 2018 e pola Comisión de Organización Académica e Profesorado (COAP), de 3 de xullo de 2018 , o Consello de Goberno da USC na súa sesión do 10 de xullo de 2018 acordou aprobar o seguinte

## REGULAMENTO

### *Artigo 1. Obxecto*

O presente Regulamento ten por obxecto establecer o procedemento para a asignación de prazas de Catedrática/o de Universidade ás áreas de coñecemento da USC que dispoñan de Profesoras/es Titulares de Universidade ou Catedráticas/os de Escola Universitaria acreditadas/os ao corpo de Catedrática/o de Universidade que cumpran os requisitos que se establecen neste texto.

### *Artigo 2. Número de prazas*

O Consello de Goberno aprobará, unha vez negociada cos órganos de representación sindical e tras o informe da COAP e do Consello Social, a dotación dun número de prazas de Catedrático de Universidade para a promoción do profesorado acreditado á devandita categoría, en función das dispoñibilidades orzamentarias.

O número de prazas que se oferten para promoción interna ao corpo de Catedrático de Universidade non poderá superar o número de prazas ofertadas na OPE dese mesmo ano en quenda libre para o acceso a corpos docentes universitarios, segundo se establece no artigo 62.2 da LOU.

### *Artigo 3. Requisitos das áreas*

Para que unha área poida optar á asignación de cátedras, deberá contar con profesorado que cumpra os seguintes requisitos:

- 1) Ser funcionario do corpo docente de Profesor Titular de Universidade ou do de Catedrático de Escola Universitaria, con dedicación a tempo completo na USC, estar en situación de servizo activo ou naquelas outras situacións administrativas que signifiquen o dereito á reserva de posto na USC e ter prestado, como mínimo, dous anos de servizos efectivos na dita categoría e condicións.
- 2) Estar acreditado ao corpo de Catedrático de Universidade.
- 3) Non cumprir a idade de xubilación forzosa no ano da convocatoria de asignación de cátedras.
- 4) Non ter xerado unha praza de promoción interna a catedrática/o de universidade nas dúas últimas convocatorias resoltas.
- 5) Non ter sido sancionado mediante expediente disciplinario na USC, nin condenado por sentenza xudicial no ámbito penal por delitos e faltas relacionados coa súa actividade

profesional ou con violencia de xénero. Non serán tidas en conta aquelas sancións que estean prescritas ou foran canceladas.

6) Non pertencer a unha área de coñecemento á que lle sexa de aplicación o disposto no artigo 8, parágrafo terceiro, deste Regulamento.

#### *Artigo 4. Convocatoria e presentación de solicitudes*

O proceso de asignación das prazas de catedrática/o ás áreas de coñecemento, que será de tipo competitivo, iniciárase cunha convocatoria a instancias da Vicerreitoría con competencias en materia de persoal docente e investigador á que poderán concorrer os departamentos cuxas áreas contén con profesorado que cumpra os requisitos sinalados no artigo 3.

Os departamentos deberán presentar as solicitudes de asignación de prazas diante da citada Vicerreitoría, tendo en conta as intencións manifestadas polos seus profesores acreditados. Corresponderalle á Vicerreitoría mencionada ditar as normas específicas e establecer os prazos para regular todo o proceso.

Na convocatoria recollerase o número total de prazas de catedrática/o a asignar ás distintas áreas de coñecemento e a súa distribución segundo os criterios recollidos no artigo 5.

#### *Artigo 5. Criterios de asignación das prazas*

No caso de haber máis solicitudes que prazas procederase a realizar a asignación atendendo ao criterio de antigüidade na acreditación ao corpo de catedrático de universidade. Non obstante, en cada convocatoria reservárase un 5% do total de prazas ofertadas para posibilitar a promoción do profesorado que, levando acreditado un mínimo de cinco anos con anterioridade á data da convocatoria, se xubile forzosamente no ano inmediatamente posterior ao desta. De non existir candidatos á promoción en que concorran estas circunstancias, as prazas reservadas engadiranse á oferta xeral.

As prazas de promoción interna asignaranse ás áreas de coñecemento unha vez ordenadas as solicitudes formuladas polos departamentos por data de resolución de acreditación ao corpo de catedrático de universidade, da data máis antiga á mais recente.

No caso de que o número de solicitudes sexa igual ou menor que o de prazas ofertadas, unicamente se asignarán as prazas de catedrático de universidade a aquelas áreas de coñecemento que formularan solicitude.

Os casos de empate resolveranse segundo os principios de antigüidade e prelación do PDI recollidos na normativa sobre o criterio de antigüidade do persoal docente e investigador para

#### *Artigo 6. Lista provisional e reclamacións*

A Vicerreitoría con competencias en persoal docente e investigador fará pública a lista provisional das áreas ás que se asignan as prazas e fixará un prazo para presentar, de ser o caso, as oportunas alegacións, que serán resoltas pola citada Vicerreitoría antes da aprobación definitiva da asignación polo Consello de Goberno.



#### *Artigo 7. Creación de prazas de catedrático de universidade*

Á vista da proposta da Vicerreitoría con competencias en materia de profesorado, o Consello de Goberno, previo informe da Comisión de Organización Académica e Profesorado, aprobará as áreas de coñecemento e campus nos que se crean as prazas de catedrático de universidade, seguindo o procedemento establecido para a modificación da Relación de Postos de Traballo.

#### *Artigo 8. Condicións da asignación*

O/a profesor/a que tome posesión da praza de catedrática/o de universidade creada non poderá solicitar un cambio de adscripción de campus nin a asignación temporal da súa docencia noutro campus diferente nun período de seis cursos académicos. Unha vez resolto o concurso, a praza de profesor titular de universidade ocupada polo novo catedrático será amortizada.

Para o caso de que o proceso de promoción reportara un aumento de efectivos da área de coñecemento, a citada área non poderá participar en ningunha convocatoria de asignación de cátedras por promoción interna durante os cinco anos seguintes.

#### *Artigo 9. Das comisións de selección*

Unha vez resolta a convocatoria de asignación de cátedras, os departamentos proporán á Vicerreitoría con competencias en materia de persoal docente e investigador o presidente e secretario da Comisión de Selección así como un dos vogais e os respectivos suplentes. O Departamento achegará ademais unha proposta de 6 candidatas e 6 candidatos entre os que se elixirán por sorteo os dous vogais restantes da Comisión de Selección e os seus correspondentes suplentes. O sorteo realizarase no servizo con competencias en materia de planificación de persoal docente e investigador de xeito que a Comisión de Selección cumpra cos criterios establecidos de paridade e universidade de procedencia dos membros.

O Consello de Goberno aprobará, previo informe da COAP, a composición das comisións tendo en conta a normativa aplicable.

#### *Disposición Adicional*

Facúltase ao vicerreitor con competencias en materia de persoal docente e investigador a ditar cantas instrucións sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación do disposto no presente Regulamento.

#### *Disposición Derrogatoria*

Queda derrogado o Regulamento de asignación de prazas de Catedrático/a de Universidade pola quenda de promoción interna na USC, aprobado no Consello de Goberno de 12 de xuño de 2017, e todas aquelas outras disposicións que contradigan o establecido no presente regulamento.

#### *Disposición Final*



A presente normativa será de aplicación para a convocatoria do ano 2018 e posteriores e entrará en vigor ao día seguinte ao da súa publicación no taboleiro electrónico da USC (<https://sede.usc.es/sede/publica/taboleiro/inicio.htm>).